



# Intemperias Correspondencias interartes con Xela Arias

Libraría Numax | Abril-outubro 2021

Sábado 17 de xullo | 13:30\*

## PAULA PEREIRA galope corazón



*Intemperias, correspondencias interartes con Xela Arias* é un proxecto comisariado por Charo Lopes para a Libraría Numax. Ten como alicerce activar a pegada de Xela Arias: a sororidade instintiva, a desobediencia fronte a equilibrio inxusto, a creatividade e a experimentación coa palabra son a base para que novas artistas dialoguen hoxe coa poeta falecida en 2003. Este é o punto de partida. O desafío? Transformar o estímulo literario da autora homenaxeada este ano coa celebración do Día das Letras Galegas en outra cousa. A partir da poesía, desenvolver cadansúa obra-homenaxe, tendo como escenario privilexiado o propio espazo da Libraría.

Para isto contaremos con cinco artistas diferentes, en cinco citas entre abril e outubro, que desenvolverán unha parte do seu proceso creativo no espazo da libraría, en horario de apertura ao público. Un happening a acontecer entre a bibliografía básica e complementaria dos andeis de NUMAX, para desenvolver cinco disciplinas diferentes: a fotografía, a música, a ilustración, o téxtil e a cerámica.

### PAULA PEREIRA (Soutomaior, 1986)

especializouse como ceramista no Taller Sur e no obradoiro Alén das olas de Marín, entre outros. Ilustrou o libro *Xandra a landra que quería voar* (Urco editora), e durante 2012 e 2014 sostivo o espazo artístico A formiga no carreiro. Como ceramista asina coa marca Cavalinho do demo, un proxecto no que a natureza é estruturante, onde introduce a mitoloxía, mistura personaxes entre o animal e o humano, e experimenta entre o realismo máxico e formas tradicionais da cultura plástica de tradición galega.

**Galope corazón.** Paula Pereira xunta para a súa proposta de Intemperias dúas palabras que rompen a gramática —como tamén fai Xela Arias— abrindo a novas e múltiples lecturas a combinación galope corazón. A súa é unha proposta escultórica, composta por unha peza de cerámica circular elaborada coa técnica do “belisco” -un tipo de modelado primitivo realizado cos pulgares-. Unha peza que a artista decorará finalmente na Libraría recuperando uns dos leitmotiv da homenaxeada este ano coas Letras Galegas, os animais e, en particular, os cabalos. O galope do corazón das mamíferas correndo xuntas sincronízase nesta obra, de volume esférico, que combina forza e delicadeza.

Co apoio da

**NUMAX**



Deputación  
DA CORUÑA

\*Prazas limitadas

Reserva previa en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)